



## DECRETO DE ALCALDÍA

Á vista dos antecedentes que obran no expediente nº 241/2023

Á vista da Acta emitida polo Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a contratación de un auxiliar administrativo con carácter de persoal laboral durante o prazo máximo de seis meses con cargo ó Programa “Reforzo do Emprego 2023” que a Excm. Deputación de Lugo ven de implementar a través do seu Plan único para satisfacer o obxectivo de dar cumprimento ás competencias dos servizos municipais mínimos ou obras esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo, e que foron publicadas no B.O.P Lugo nº 006, en data 09 de xaneiro de 2023, na que se propón a contratación de dona Soledad Domínguez Fernández, por ser a candidata que obtivo maior puntuación no referido proceso, e non habendo reclamacións dentro do prazo de dous días hábiles concedido.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.** Autorizar a contratación como persoal laboral na categoría de Auxiliar Administrativo, ao abeiro ao abeiro do Programa de Reforzo do emprego, incluído no Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos do ano 2023, da Deputación de Lugo, nos termos que se establecen nas bases reguladoras do proceso selectivo, de dona:

Identidade do Aspirante	DNI
Soledad Domínguez Fernández	***3848**

**SEGUNDO.** Notificar a presente resolución ao aspirante que obtivo o posto de traballo, comunicándolle que deberá formalizar o contrato no prazo de 3 días hábiles, a contar desde o día seguinte á recepción da notificación, presentando a documentación acreditativa no Rexistro Xeral do Concello de Pol, do cumprimento dos requisitos esixidos para acceder a praza regulados na Base 12 das Bases da Convocatoria.

Ordénao e asínao o Sr. Alcalde-Presidente, don Lino Rodríguez Ónega, do que eu, como Secretaria-Interventora, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

